

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4/02/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE**

José Marcote Suárez

#### **TTES. DE ALCALDE**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

#### **SECRETARIO**

José Ramón Lema Fuentes

### **ASUNTOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licenzas urbanísticas.-
- 3º.- Expediente contratación Arquitecto para servizos de urbanismo.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **4/02/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 21 de xaneiro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Licenzas urbanísticas.-

Deisaxe o asunto sobre a mesa.-

- 3º.- Expediente de contratación Arquitecto para servizos de Urbanismo.-

Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación dun Arquitecto para prestación de Servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación cun presuposto de licitación por importe de Trinta e sete mil cento noventa euros con oito céntimos (37.190,08 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Sete mil oitocentos nove euros con noventa e dous

céntimos (7.809,92€) en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares aprobado no seu día por esta Xunta na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2015, que unha exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia polo espazo regulamentario, non foi obxecto de reclamación,

De conformidade o que prevé o Artigo 178.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1 ) Notificar este acordo ós seguintes Arquitectas/os capacitados/as para que dentro do prazo de Dez días hábiles a contar do seguinte ó da recepción da invitación, presenten no Rexistro Xeral desta Corporación as ofertas en sobres pechados, que poderán ser lacrados ou precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente xunto coa documentación e requisitos esixidos na Cláusula 2.2 do Prego :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
José Lorenzo Crespo Rama	CARNOTA
Vicente Rivas Negreira	PONTE DO PORTO CAMARIÑAS
Beatriz Lucas Quintans	PONTEDEUME

2) Dése traslado os licitadores de copia do Prego de Clausulas para o seu coñecemento e demais efectos.-

4º.- Asuntos varios.-

#### CERTIFICACIÓN DE OBRA

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda a prestar a súa aprobación á Certificación Primeira da Obra denominada " MELLORA SANEAMENTO E ILUMINACION PÚBLICA DA RUA MIXIRICA - FISTERRA " incluída no Plan de Aforro e Investimentos ( PAI ) 2015 da Excmá Deputación provincial ano 2015 por un importe de Dezasete mil seiscientos sesenta euros con sesenta céntimos ( 17.660,60 € ) debidamente asinada polo Contratista Construcciones D. Ogando S.L. e o Director da Óbra. Manuel Carro López.---

#### SERVIZOS SOCIAIS

---Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a L. D. F., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros ( 300,00 € ) para adquisición dunha lavadora para mellorar a súa calidade de vida por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

**Dito electrodoméstico deberá ser adquirido directamente polo Concello a Empresa Subministradora para a súa entrega a interesada.-**

--- Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a **L. L. G.**, veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Douscentos noventa e nove euros ( 299,00 € ) para adquisición dunha lavadora para mellorar a súa calidade de vida** por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

**Dito electrodoméstico deberá ser adquirido directamente polo Concello a Empresa Subministradora para a súa entrega a interesada.-**

--- Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a **M. C. M. L.**, veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Catrocentos euros ( 400,00 € ) para gastos de primeira necesidade**, por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

**Dita axuda será feita efectiva dentro dos primeiros cinco días de Marzo e os restantes dentro dos cinco días do mes de Abril de 2016.-**

---- Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a **C. D. A. M.** , veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Douscentos vinte e oito euros ( 228,00 € ) para gastos de adquisición gafas**, por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

---- Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a **J. L. L. C.** , veciño de Fisterra, **unha axuda polo importe de Seiscentos corenta euros ( 640,00 € ) para gastos de prótesis dental**, por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

**Dita axuda será feita efectiva directamente o médico odontólogo, unha vez se presente a oportuna factura xustificativa da citada intervención.--**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.